

Política de uso de contas

Google Workspace
for Education



colexiosanpiox.gal

Revisión 2
Setembro 2021

1 Descrición do servizo

As contas de Google Workspace for Education son proporcionadas co obxecto de apoiar as funcións de comunicación de todo o persoal docente e do alumnado no centro educativo Colexio San Pío X (en adiante, “o Colexio”) [conforme ao acordo establecido con Google](#) ao activar o dominio *colexiosanpiox.gal* en Google Workspace for Education, que é un conxunto de solucións de software que Google ofrece gratuitamente aos centros educativos baixo o modelo de computación na nube *Software as a Service* (Software como Servizo) .

O acceso a estes recursos está condicionado á aceptación da Política de Uso por parte do usuario en caso do persoal docente e as familias do alumnado (menores de 14 anos) aos que se lles proporcione conta.

As contas institucionais atópanse baixo plataforma dotada por Google Workspace for Education e inclúe os seguintes servizos integrados: Gmail, Google Calendar (calendarios compartidos), Google Drive (aloxamento de documentos, follas de cálculo e colaboración online), Google Sites (deseño e publicación de sitios en equipo) e Hangouts (sistema de mensaxería e videoconferencia).

A diferenza das contas que ofrece Google os servizos baixo o dominio *colexiosanpiox.gal* e os subdominios son servizos administrados polo Colexio. Elixiuse esta plataforma de comunicación e traballo colaborativo por varias razóns entre as que destacamos:

- ✓ [Alta dispoñibilidade do servizo >99%](#)
- ✓ Integración de aplicacións de produtividade e colaboración con e-mail proporcionando un ecosistema de traballo corporativo.
- ✓ Gratuidade aínda contando coas mesmas [condicións de servizo de Google Workspace for Education](#)
- ✓ Elevada operatividade ao ser unha solución integrada multidispositivo e multiplataforma.
- ✓ Accesibilidade desde navegador web, sen necesidade de instalar software extra.
- ✓ Dispoñer dunha ferramenta (Classroom) para a xestión da aprendizaxe.

O administrador do dominio é a persoa do Colexio que administra Google Workspace for Education, sendo un membro docente especialista en TIC designado pola dirección do centro. Será o último responsable na administración e xestión de contas e aplicacións no [Panel de Control](#).

O conxunto de aplicacións principais de Google Workspace for Education descríbese en:

- <http://www.google.com/enterprise/apps/education/products.html>

O acceso ás contas de Google Workspace for Education institucionais realízase de forma unificada en:

- <https://accounts.google.com>

2 Condicións do servizo

- Condicións xerais
- Condicións das contas do alumnado e a súa familia
- Cláusula adicional

2.1 CONDICIÓN XERAIS

- 2.1.1 As contas de Google Workspace for Education do Colexio San Pío X constitúen un servizo que o centro educativo proporciona aos seus docentes, ao alumnado e ás súas familias que cursan os ensinos regrados.
- 2.1.2 As contas de Google Workspace for Education do Colexio serán creadas e utilizadas de acordo coas condicións establecidas no acordo suscrito entre o Colexio e Google. Os termos do acordo xenérico "Google Workspace" poden consultarse no sitio web de Google Workspace nesta ligazón: https://workspace.google.com/intl/es/terms/2013/1/premier_terms.html
- 2.1.3 As contas de Google Workspace for Education do Colexio deberán ser utilizadas polos docentes e que traballan nel, o alumnado que cursan os seus ensinos regrados e as súas familias en tarefas relacionadas coa súa actividade educativa.
- 2.1.4 A publicación e distribución de calquera tipo de contido mediante os servizos e aplicacións vinculados ás contas de Google Workspace for Education do Colexio deberá realizarse de acordo coa lexislación vixente sobre protección de datos de carácter persoal.
- 2.1.5 Queda estritamente prohibido o uso das contas de Google Workspace for Education do Colexio e de todos os servizos e aplicacións vinculados a elas para actividades comerciais ou publicitarias.
- 2.1.6 As contas de Google Workspace for Education serán, salvo excepcións, nominais e responderán sempre a unha persoa física, podendo xestionarse "Alias" para asignar outras direccións por cargo ou grupo.
- 2.1.7 Todo oficio, invitación ou trámite que non requira firma e selo institucional, encamiñárase vía correo electrónico institucional.
- 2.1.8 Os Usuarios ou representantes legais son responsables de todas as actividades realizadas coas súas contas de acceso e a súa caixa de correos asociada ao Colexio.
- 2.1.9 É unha falta grave facilitar e ofrecer acceso á propia conta a persoas non autorizadas. A conta é persoal e intransferible. No caso de que esquecer o contrasinal, o responsable do servizo poderá realizar as xestións oportunas para recuperala ou xerar unha nova.
- 2.1.10 É responsabilidade de cada usuario procurar salvagarda dos datos contidos nas aplicacións de Google Workspace for Education facendo uso periódico da aplicación [Google Takeout](#) ofrecido polo programa [Data Liberation](#).
- 2.1.11 O Colexio poderá crear contas para a administración de backups, así como habilitar [LDAP](#) e [Single Sign On](#) para a autenticación con terceiros servizos.

2.2 CONDICIÓN DAS CONTAS DO ALUMNADO E A SÚA FAMILIA

- 2.2.1 O Colexio San Pío X poderá dar de alta contas para o seu alumnado e familias, os cales deberán seguir o procedemento que no seu momento se determine.
- 2.2.2 O uso das conta por parte do alumnado menor de 14 anos require que o seu pai, nai ou responsables legais manifieste(n) a conformidade coa Política de Uso de Contas Google Workspace for Education do Colexio.
- 2.2.3 Cada alumno/a só poderá ter unha única conta de Google Workspace for Education do Colexio e o seu uso será exclusivo para o ámbito escolar e educativo.
- 2.2.4 Cando un alumno deixe de estar matriculado no Colexio procederáse a suspender e/ou eliminar a súa conta.
- 2.2.5 O uso da conta debe ser conforme ás normas de convivencia escolares.
- 2.2.6 O Colexio resérvase o dereito para condicionar o despregamento das aplicacións segundo criterios pedagóxicos e a idade dos alumnos.
- 2.2.7 No caso de que haxa indicios de que a conta dun alumno poida verse involucrada en casos graves de disciplina como ciberacoso, poderán ser intervidas, suspendidas e/ou supervisadas polo responsable do servizo. De ser así, poderanse utilizar ferramentas informáticas para aclarar o uso e as responsabilidades derivadas, entre as que se inclúen: a posibilidade de consultar o rexistro das accións que o alumno/a realizou, consultar o seu historial de navegación, a relación de mensaxes que enviou ou recibiu (destinatarios remitentes, asunto, IP de envío ou recepción) ou entrar nos documentos que o alumno xerou aínda que non os compartise con ninguén.

2.3 CLÁUSULA ADICIONAL

- 2.3.1 Todos os empregados con conta e os pais, titores ou representantes legais dos alumnos con conta deberán manifestar a súa conformidade coa presente Política de Uso de Contas de Google Workspace for Education do Colexio.
- 2.3.2 No caso de que se advirta un incumprimento das condicións anteriormente citadas sobre prestación do servizo, o Colexio resérvase a potestade de desactivar ou dar de baixa calquera conta de Google Workspace for Education.

3 Privacidade, seguridade e tratamento de datos

Google Workspace for Education posúe desde maio 2012, a certificación ISO 27001, ademais da xa existente SSAE 16/ SAE 3402 e o certificado FISMA de Google Workspace para Gobernos. Ademais Google foi a primeira empresa en adoptar o primeiro estándar global de privacidade para *Cloud computing* ISO/ IEC 27018.

Google ofrece unha Emenda para o Procesamento de Datos e as Cláusulas do Contrato Modelo como un método adicional de seguridade e protección de datos que permite cumprir os requisitos de idoneidade e seguridade da Directiva de Protección de Datos do Parlamento Europeo e do Consello da Unión Europea.

Recentemente, o 27 de abril de 2016 a UE aprobou un novo Regulamento Xeral de Protección de datos que comezará aplicarse en maio de 2018. Este Regulamento substitúe ao anterior e pretende regular mellor a necesidade de empresas e usuarios na prestación e consumo de servizos *Cloud* e Google traballa estreitamente para cumprir antes de dita data co novo Regulamento.

Información adicional:

| | |
|--|---|
| Ubicacións de almacenamento de Google Workspace | Ubicacións dos centros de datos |
| Subprocesadores de Google Workspace for Work | Subprocesadores de terceiros |
| Certificacións de privacidade: | Certificación Safe Harbor |
| Certificacións de seguridade e auditorías de terceiros | Resumo Certificado ISO 27001 Informe de SOC 3 |
| Descrición xeral da seguridade de Google Workspace | Informe sobre seguridade de Google Workspace |
| Responsable da privacidade dos datos empresariais | Consulta para o responsable da privacidade de datos |

Revisións e aprobación

Versión 1.0 (Creación do documento)


- Data de aprobación: setembro 2019 (Curso 2019/2020)

Versión 2.0 (actual)

- Data de aprobación: setembro 2021 (Curso 2021/2022)
- Revisións:
 - Actualízase a denominación do servizo, logo de que a empresa proveedora decidise cambiar o nome de *Google Suite for Education* polo de *Google Workspace for Education*.


Ourense, 1 de setembro de 2021

A directora



María José Graña Coello

Responsable Google Workspace for Education
no Colexio San Pío X



David Rial Araújo